

CONDICIÓN DE EXHIBICIÓN NAS ARTES ESCÉNICAS PARA A PRIMERA INFANCIA, NENOS, NENAS E PÚBLICO XUVENIL

Propostas encamiñadas a posibilitar unha mellor recepción do feito escénico e a mellorar as condicións de exhibición de espectáculos para a primeira infancia, nenos, nenas e público xuvenil.

1.- LIMITACIÓN DE AFOROS

A) Nas funcións para público familiar

Recoméndase ocupar sómente o patio de butacas.

B) Nas funcións escolares

- Primeira Infancia (de 6 meses a 3 anos): non se deberían exceder os 100 espectadores.
- Educación Infantil (de 3 a 6 anos): non exceder os 200 espectadores.
- Primaria (de 7 a 11 anos): o aforo óptimo sería de 300 espectadores, podendo chegar a 400.
- Secundaria e Bacharelato: ao redor de 300 espectadores, podendo chegar aos 400.

2.- DIFUSIÓN DAS IDADES RECOMENDADAS E MATERIAL DE APOIO

Dispoñer do material de apoio pedagóxico e de información precisa acerca das idades para as que se creou o espectáculo e acerca do aforo axeitado, axuda aos adultos que levan aos nenos, nenas e público xuvenil ao teatro, a realizar unha elección responsable.

A) As compañías deben:

- Expresar claramente na súa publicidade o aforo adecuado e as idades recomendadas.
- Ter material pedagóxico.
- Facilitar o encontro entre artistas e público tras a representación.

B) Os teatros deben:

- Difundir e respectar as idades adecuadas e limitar o aforo, sobre todo en campaña escolar.
- Esixir que as compañías aporten material pedagóxico e de apoio ao profesor.
- Atender ao público con outras capacidades e favorecer, con medidas específicas, a inclusión.

3.- GARANTIR AS AXEITADAS CONDICIÓNNS DE RECEPCIÓN, ACOMODACIÓN E PERCEPCIÓN DOS ESPECTADORES.

A) Recepción e acomodación

Traballar co persoal dos teatros para desenvolver a súa sensibilidade, co obxecto de prestar un servizo adecuado ás necesidades dos pequenos espectadores e as súas familias.

B) Percepción

Conseguir que os pequenos espectadores se sintan cómodos, estean cerca, oían e vexan ben, utilizando alzadores se fora preciso, contribuirá a que a experiencia sexa positiva.

C) Inclusión e atención á diversidade

Atender especificamente ao público con outras capacidades: ter resoltas as cuestións técnicas que axuden a mellorar a audición e a visibilidade, e que contribúan a buscar a integración co grupo, favorecer a proximidade e facilitar a súa accesibilidade e comodidade dentro do recinto.

4.- FOMENTO DAS RELACIÓNS TEATRO-ESCOLA E TEATRO-FAMILIA, E IMPULSO DA FORMACIÓN DO ESPECTADOR

Implantación/contratación da figura do “mediador” entre público e teatro, que asumirá as seguintes funcións:

- Detectar as necesidades do público infantil e xuvenil.
- Formular propostas de educación da sensibilidade artística.
- Impulsar as relacións teatro-escola e teatro-familia.
- Diseñar e desenvolver programas de formación do espectador.
- Propor actividades complementarias.
- Informar das idades recomendadas para os distintos espectáculos.

- Supervisar a limitación dos aforos en campañas escolares.
- Atender á diversidade e á inclusión.

É recomendable que exista unha colaboración continuada entre os teatros, festivais, feiras e compañías do mesmo ámbito xeográfico, co obxecto de desenvolver accións conxuntas.

5.- INCREMENTO DOS RECURSOS DIRIXIDOS Á EXHIBICIÓN E FOMENTO DE PROGRAMACIÓNS ESTABLES

Os pequenos espectadores e o público xuvenil forman parte da cidadanía e, como establece a Constitución, deben ter garantido o acceso á cultura. Débense aumentar os recursos para realizar programación estable que fomenten nos nenos, nenas, público xuvenil e familias, hábitos como espectadores, con dúas liñas de programación:

- A) Programación familiar: para brindar a opción das artes escénicas como unha oferta máis de ocio e cultura e como una “experiencia” positiva impulsora de afectos e apegos.
- B) Programación escolar: como garantía democrática de acceso á arte e á cultura.

En ambas programación debe favorecerse o acceso a familias, nenos, nenas e mozos, mozas con baixos recursos, mediante políticas que atendan diferentes necesidades sociais.

6.- AMPLIACIÓN DA OFERTA TEATRAL A TODAS AS IDADES

Deben impulsarse as Artes Escénicas en todas as idades, pero nestes momentos, hai que reforzar a programación e por un especial acento nestas audiencias:

- A) Público xuvenil (14-18 anos):
 - a) Programar espectáculos con temáticas próximas a eles e aos seus intereses e non cinguirse unicamente aos títulos de obrigatorio estudio no curso escolar.

- b) Desenvolver accións encamiñadas a achegar e abrir o teatro da cidade ao público xuvenil: con elas como protagonistas e con eles como cómplices.
- c) Realizar obradoiros, encontros e coloquios cos artistas.
- d) Implantar políticas de prezos específicas, con descontos ou creación de abonos.
- e) Establecer horarios de exhibición específicos para eles.

Primeira infancia (6 meses - 3 anos):

- f) Impulsar a creación de espazos e festivais específicos
- g) Sinalar coidadosamente, tanto por parte dos artistas como dos teatros, a idade axeitada: “a partir de 1 ano”, “a partir de 2 anos”, “de 2 a 4 anos”...
- h) Ofrecer obradoiros formativos e outras accións complementarias.
- i) Favorecer o encontro entre este público e os artistas.
- l) Coidar unhas condicións de exhibición determinadas:
 - Zona para deixar os abrigo, os carriños e as cadeiras de bebé.
 - Prover cambiadores nos baños.
 - Adecuar o espazo de xeito idóneo e específico para este público e os seus acompañantes: coxíns, chans especiais, gradas específicas, etc.

¿QUE É TE VEO?

É unha asociación de compañías profesionais de Artes Escénicas dedicadas ao público infantil e xuvenil, de ámbito nacional, creada en 1996 e que naceu co obxectivo de crear un marco de referencia, no que os profesionais do teatro para nenos/as e público xuvenil poidan elaborar preguntas e desenvolver respostas, que sirvan para poñer en marcha proxectos orientados ao desenvolvemento do sector e que permitan promover accións de mellora na creación, produción e distribución.

TE VEO ten como obxectivos favorecer:

- A promoción, distribución e realización de todo tipo de accións encamiñadas a unha maior implantación das actividades escénicas especificamente realizadas para a infancia, xuventude e por extensión, ao público familiar.
- O acceso á arte e á cultura escénica da infancia e a xuventude.
- O intercambio de experiencias, de traballos, e a creación de novas canles para o desenvolvemento da actividade profesional do seus integrantes.
- O recoñecemento social e cultural da actividade profesional desenvolta por persoas e institucións no campo das Artes Escénicas, dirixidas especificamente á infancia e á xuventude.
- A investigación e innovación das diversas linguaxes escénicas dirixidas ao público infantil e xuvenil, así como todos os parámetros que interveñen na produción, programación e difusión deste sector.

www.teveo.org